

ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PROTECCIÓN CIVIL E REGULACIÓN DE TRÁFICO URBANO.

I. FUNDAMENTO E NATUREZA.

Artigo 1 No uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, auxilios e salvamentos de persoas e bens e outros análogos que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

II. FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2 Constitúe o feito imponible deste tributo, a realización das actividades polos servizos municipais, incluídas nos apartados K e Z do apartado 4 do artigo 20 do RDL 2/2004, do 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 3 Non están suxeitos a esta taxa, os servizos de prevención xeral de incendios, a sinalización e ordenación habitual do tráfico pola Policía Municipal, nin en xeral os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Concello en caso de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

Artigo 4 Así mesmo, non estará suxeita á prestación dos servizos, cando o organizador da actividade sexa o propio Concello de Narón.

III. SERVIZOS OBRIGATORIOS.

Artigo 5 Será obrigatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente, conforme ao disposto na normativa urbanística, de policía e de protección civil e cando o ordenen as autoridades públicas por razóns de seguridade pública.

IV. NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA.

Artigo 6 A obriga tributaria xorde da utilización ou prestación dos servizos que constitúen o feito imponible desta taxa, entendendo que este se inicia para todos os efectos cando saia da base a dotación correspondente, ben sexa por solicitude dos particulares interesados, ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

V. SUXEITO PASIVO.

Artigo 7 Serán contribuíntes deste tributo, respondendo solidariamente as persoas físicas e xurídicas, nacionais ou estranxeiras, e as entidades a que fai referencia o artigo 33 da Lei xeral tributaria que se atopen nalgún dos supostos seguintes:

Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados por este, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.

Os donos ou propietarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever ou atenuar o sinistro, agás que este fose causado por culpa ou negligencia dun usuario.

As persoas causantes do risco ou sinistro que, pola súa actuación ou negligencia obriguen á prestación do servizo.

Artigo 8 Terán a consideración de substitutos do contribuínte pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construción e derrubes, accidentes de tráfico, salvamentos e, en xeral de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

VI. RESPONSABLES.

Artigo 9 Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire a Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

VII. COTA TRIBUTARIA.

Artigo 10

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

a) SERVICIOS DE PROTECCIÓN CIVIL

A) PERSOAL	
Hora encargado/a-capataz	22,53 €/hora
Hora coordinador/a- xefe/a de servizo	22,53 €/hora
Hora oficial/chofer/axente	20,22 €/hora
Hora peón	18,77 €/hora
B) VEHÍCULOS	
a) Servizos prestados con vehículo motobomba	51,89 €/hora
b) Servizos prestados con camión basculante	36,72 €/hora
c) Servizos prestados con camión basculante con guindastre(pequeno)	36,72 €/hora
d) Servizos prestados con camión basculante con guindastre (medio)	46,99 €/hora
e) Servizos prestados con furgoneta/furgón	18,64 €/hora
Todoterreo	24,71 €/hora
f) Servizos prestados con tractor multiusos con equipamento: cargadora, retroescavadora, rozadoira compresor e motoniveladora	51,89 €/hora
g) Servizos prestados con camión colleiteiro 16 m ³	51,89 €/hora
h) Servizos prestados con camión colleiteiro compactador 8 m ³	36,72 €/hora
i) Servizos prestados con camión con plataforma hidráulica	46,99 €/hora
C) MATERIAIS	
Bomba de camión	34,31 €/hora
j) Servizos prestados con bomba de achique	21,96 €/hora
k) Servizos prestados con xerador 7 KW	17,85 €/hora
Servizos equipo autónomo	8,24 €/hora
l) Servizos prestados con serra motoserra	8,24 €/hora
m) Servizos prestados con serra circular	5,89 €/hora
n) Servizos prestados con detector de fugas	8,51 €/hora
ñ) Servizos prestados con cabrestante	5,89 €/hora

o) Servizos prestados con formigoneira	5,89 €/hora
p) Servizos prestados con vibrador	3,47 €/hora
q) Servizos prestados con cortacéspedes	5,89 €/hora
r) Servizos prestados con prancha vibradora	8,51 €/hora
s) Servizos prestados con hidrolimpadora	8,51 €/hora
t) Servizos prestados con grupo soldadura	5,89 €/hora
u) Servizos prestados con desatascadora	8,51 €/hora
v) Servizos prestados con estadas e valos	3,47 Unid/día
Metro manguera de 25 mm	1,37 €/hora
Metro manguera de 45 mm	1,78 €/hora
Metro manguera de 70 mm	2,20 €/hora
Enlaces e lanzas (unidade)	0,55 €/hora
Xeradores de espuma	6,87 €/hora
Rozadoira	13,73 €/hora
Resto de ferramenta	20,58 €/hora
Líquido espumógeno	13,73 €/litro
Absorbente	10,98 €/Kg
Deterxente/dispersante	8,24 €/litro
Extintor 6 Kg ABC	41,18 €/unidade/día
Extintor 9 Kg ABC	48,03 €/unidade/día

b) OUTROS SERVICIOS

Por acompañamento de transportes especiais dentro do termo municipal	
Por hora ou fracción	
1) Cota fixa	49,49 €
2) Cota variable.	
a) Polo uso de automóbil municipal	10,93 €
b) Polo uso de motocicleta municipal	6,60 €
c) Por servizo prestado pola Policía Local	21,96 €
Tarifa mínima	13,20 €

2. Cando a prestación do servizo de protección civil teña lugar fóra do termo municipal, á cota derivada da aplicación dos parámetros anteriores, experimentaráselle un incremento de **0,68** euros por quilómetro percorrido, en ida e volta, dende a saída do vehículo da base ata o lugar de prestación do servizo.

3. No caso de que, saíndo o vehículo da base, o servizo de protección civil non chegase a intervir, cobrarase unicamente a epígrafe relativa ao vehículo, (excepto os servizos de prevención) agás os desprazamentos realizados fóra do termo municipal, onde se aplicará ademais o disposto no parágrafo segundo do presente artigo.

VIII. NORMAS DE XESTIÓN.

Artigo 11º

1 O persoal do servizo de protección civil estenderá un parte en impreso normalizado, segundo o modelo incluído como anexo á presente ordenanza, no que fará constar:

- Nome e apelido, D.N.I. ou C.I.F. da persoa solicitante do servizo ou beneficiada por este, así como o seu enderezo e teléfono.
- Motivo da actuación, indicando se esta foi de oficio ou por instancia da parte.
- Hora de saída e chegada á base.
- Número de efectivos persoais e tempo empregado.
- Material empregado na prestación do servizo.
- Vehículos empregados na prestación do servizo.
- Lugar de prestación do servizo, indicado o número de quilómetros percorridos polo servizo.
- De ser o caso, entidade ou sociedade aseguradora do risco.
- Calquera outra observación que deba terse en conta para a cuantificación da taxa.

Cando se trate de apertura de portas, unicamente se indicará o motivo da actuación.

2 O parte estenderase por triplicado exemplar, remitindo un ao afectado ou beneficiario, outro quedará en poder do persoal de protección civil, e outro remitirase por este último ao servizo de xestión tributaria do Concello de Narón.

3 De acordo cos datos facilitados no parte polo servizo de protección civil, o servizo de xestión tributaria do Concello practicará a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de Recadación.

4 O solicitante do servizo ou persoa beneficiada por este, no seu caso, achegará, a requirimento dos servizos municipais do Concello, copia compulsada da póliza que aseguran os feitos que dan orixe á liquidación pola prestación do servizo, e do recibo acreditativo do pagamento do período no que tiveron lugar estes, indicando nome da entidade ou sociedade aseguradora do risco e o seu C.I.F.

IX. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Artigo 12 En materia de infraccións e sancións tributarias, rexerá o disposto na Lei xeral tributaria vixente.

X. DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.